



TEMA 5. AVALIACIÓN DOS CONTIDOS

Precoñecemento

Non hai moito, cando en educación se escoitaba a palabra *currículum*, o máis probable é que fose para referirse ao curriculum vitae, o conxunto de méritos dunha persoa. Pero progresivamente o termo *currículum*, ou *currículo*, vaise incorporando ao vocabulario educativo para designar ao conxunto de respostas, que se dan na educación, ás preguntas de que, como e cando ensinar e que, como e cando avaliar.

A avaliación, xa que logo, é un elemento relevante do currículo, e, polo tanto, nunha proposta de traballo en rede é necesario tamén incluír o deseño da avaliación para poder facer tamén a súa realización a través da nube.

Empregando a expresión de [John B. Biggs](#), a avaliación debería estar *aliñada* cos obxectivos, contidos e competencias que se perseguen. Polo tanto, dependendo do tipo de obxectivos ou contidos que se pretendan avaliar deberíanse empregar diferentes procedementos de avaliación. Nesta tarefa, as tecnoloxías da información e da comunicación poden axudarche de xeito significativo.

O profesorado, na súa tarefa educativa, ten que avaliar condutas, é dicir, actividades que se realizan de xeito consciente, e que son observables e repetibles. Estas condutas están sinaladas nos obxectivos e nos contidos conceptuais e, para avalialas, poden ser útiles os

cuestionarios ou os tradicionais exames. Veremos como na rede se poden atopar recursos que nos axudarán nesta tarefa.

Noutros casos, o profesorado o que ten que avaliar son os produtos que realiza o alumnado como consecuencia da aprendizaxe realizada, produtos, como por exemplo, unha exposición ante o resto do aula, unha maqueta, un resumo, un traballo escrito, etc. Para realizar esta avaliación, na Internet pódense atopar rúbricas que son un instrumento moi apropiado.

Neste curso ímonos centrar nestes dous sistemas de avaliación, pero hai que lembrar que existen outros recursos na rede que permiten realizar a avaliación doutros tipos de aprendizaxes, como os simuladores, moi útiles para a avaliación das habilidades, os procedementos ou as actitudes, ou as webquest que permiten a avaliación das competencias, por exemplo.

Actividade

Se traballas na formación profesional podes empregar para o teu traballo de aula os simuladores creados polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte que tamén inclúen os seus sistemas de avaliación.

<http://recursostic.educacion.es/fprofesional/simuladores/web/>

5.1.- Exames.

Precoñecemento

Desde que apareceron na antiga China para dotar de obxectividade ao sistema de selección do funcionariado, os exames incorporáronse de tal xeito ao sistema educativo que, nalgúns casos, parece que fose a súa principal finalidade.

Sábese que a función dos exames é a comprobación do coñecemento dos conceptos fundamentais dunha materia por parte do alumnado, pero o seu peso na estrutura educativa é moito máis importante, chegando a crear toda unha cultura ao seu redor.

Os exames poden ter formatos diferentes e incluír diferentes tipos de preguntas:

- Nas que se pide sinalar se unha afirmación é verdadeira ou falsa.
- Nas que se presentan varias opcións para seleccionar a correcta.
- As que piden emparellar uns elementos con outros. Cidades con capitais, unha obra coa persoa que a creou, etc.
- As que solicitan contestar cunha soa palabra ou unha frase.
- As que solicitan respostas de tipo aberto.

E outras moitas variantes sobre estes modelos básicos. Aínda que a evolución das metodoloxías educativas introduciu novos tipos de aprendizaxes que requiren diferentes instrumentos para poder avalialos, os cuestionarios, test ou exames seguen tendo unha importante utilidade para avaliar a adquisición dos contidos de carácter conceptual.

Na rede pódense atopar diferentes servizos que permiten elaborar exames en liña, por exemplo

- <https://www.examtime.com>
- <http://www.easytestmaker.com>

As persoas que no seu traballo educativo empregan Sistemas de Xestión da Aprendizaxe (LMS), como Moodle ou Edmodo, teñen ferramentas integradas no propio sistema para deseñar exames.

Actividade

A educación en liña pode ser un sistema independente e paralelo á educación presencial, pero, cada vez máis, os recursos da rede convértense en elementos complementarios da educación presencial. Así, pódese ver como as empresas do eido cultural crean produtos que poden ser utilizados para reforzar os contidos escolares e superar satisfactoriamente os exames de setembro, como se nos conta neste artigo. <http://galego.farodevigo.es/vida-y-estilo/tecnologia/2013/08/08/apps-llevan-examenes-playa/857998.html>

5.2.- Diseñar un exame.

O feito de que os cursos en liña teñan habitualmente máis alumnado, a idea de reducir a subxectividade docente na corrección das probas ou a sobrecarga de traballo docente, fai que o emprego de cuestionarios, probas obxectivas ou probas tipo test teñan un emprego moi estendido para a avaliación cos recursos en liña. Pero esta facilidade na corrección non pode facer esquecer que as dificultades se trasladan ao deseño.

A secuencia que debes seguir para elaborar os teus exames en liña non é moi diferente da que deberías seguir en caso de elaborar os teus exames de xeito tradicional:

- Rexístrate nalgún dos servizos que ofrecen a posibilidade de crear exames.
- Analiza os obxectivos, os resultados de aprendizaxe ou os criterios de avaliación que persegues.
- Fai preguntas que permitan mostrar que o alumnado conseguiu os obxectivos previstos.
- Procura facer un listado suficientemente amplo de preguntas.
- Revisa con frecuencia as preguntas de versións anteriores para comprobar a súa actualización.

Estes pasos permitiránche avaliar correctamente ao teu alumnado e ter actualizados os teus exames.

Actividade

Todo o material deste curso está pensado para orientar o traballo do profesorado, pero, cales deberían ser as orientacións que se lle deberían dar ao alumnado sobre este tema dos exames? Aquí podes atopar algunhas

delas: <http://universitarios.universia.es/examenes/examenes-durante/tipos-examenes/>

5.3.- Rúbricas.

Precoñecemento

O termo latino *ruber* significa vermello, e como os romanos empregaban tinta desa cor para escribir os títulos dalgúns documentos, comezou a empregarse o término *rúbrica* para designar a firma ou etiqueta dun documento.

No ano 1977 na Clasificación Internacional de Enfermidades empregouse este termo para designar as diferentes etiquetas para as enfermidades e en 1981 Grubb utilizou por primeira vez o termo *rúbrica* no ámbito educativo para referirse aos estándares que debían cumprir os avaliadores de Nova York para elaborar a Clasificación estandarizada de desenvolvemento.

Como podemos ver, a orixe do seu uso educativo é bastante peculiar e quizais fose máis apropiado chamarlle guía de avaliación ou grella de avaliación, pero o peso da cultura americana fai que o termo *rúbrica* sexa o máis estendido na actualidade.

Desde fai algo máis dunha década comezou a xeneralizarse na terminoloxía pedagóxica o uso do termo *rúbrica* para referirse a un sistema de avaliación no que se mostraban unha serie de indicadores do nivel de logro dunha determinada tarefa.

Na web pódense atopar múltiples servizos que permiten xerar rúbricas, atopar modelos para elaboralas, buscar rúbricas xa realizadas para que as poidas aplicar ás túas propias actividades ou publicar as que realices ti. Algúns destes servizos son, por exemplo:

- <http://rubistar.4teachers.org/>

- <http://www.myt4l.com/index.php?>

- [v=pl&page_ac=view&type=tools&tool=rubricmaker](http://www.myt4l.com/index.php?v=pl&page_ac=view&type=tools&tool=rubricmaker)

Actividade

Na rede hai moita información sobre o deseño e emprego de rúbricas. Aquí podes ver unha páxina na que se recolle de maneira organizada algunha das que se poden atopar. <https://sites.google.com/site/construccionderubricas/Home>

5.4.- Diseñar unha rúbrica.

Para deseñar unha rúbrica é preciso:

- 1.Determinar o obxectivo ou a competencia que se desexa medir. Se, por exemplo, lle pediches ao teu alumnado que realice unha presentación dun traballo utilizando algún recurso multimedia como Impress e queres deseñar unha rúbrica para avaliar a presentación, terás que analizar en primeiro lugar cal é o obxectivo que persegues con esta tarefa.
- 2.Establecer as categorías nas que se pode dividir ese obxectivo ou competencia. Se un dos obxectivos que tes intención de conseguir coa tarefa é expresar con claridade as ideas, deberás establecer as categorías que poden indicar que unha persoa expresa con claridade as súas ideas, por exemplo: organizar os contidos que quere expresar, corrección na expresión oral, orixinalidade no xeito de presentar esas ideas, etc.
- 3.Definir os niveis de adquisición que se poden establecer en cada unha das categorías. En cada unha destas categorías podes indicar diferentes niveis de adquisición, por exemplo na organización, poderías establecer niveis que fosen desde que o contido está ben organizado usando títulos e apartados, ata que a organización non era clara nin lóxica.
- 4.Ordenar os niveis indicativos do estándar de realización. Finalmente deberás organizar eses niveis nunha táboa na que a cada categoría se lle asignarán 3, 4 ou 5 niveis de logro, cada un dos cales terá a súa puntuación correspondente.

A rúbrica cumpre unha dobre función. Por unha banda, será unha axuda para que poidas realizar unha avaliación máis obxectiva e lles asignes valores significativos a cada unha das cuestións que necesitas valorar, pero tamén lle servirá ao alumnado para orientar o seu traballo cando teña que realizar unha tarefa, tanto de xeito individual como en grupo.

Actividade

Unha das tarefas máis interesantes para traballar contidos complexos na rede son as webquest, aquí se presenta un exemplo de rúbrica para avaliar unha webquest. <http://www.xtec.cat/~jdiaz124/castella/wq-wq/rubrica/rubrica.htm>

5.5.- Ferramentas.

Chegamos ao remate do curso co apartado dedicado á avaliación, e imos revisar 4 ferramentas que están dispoñibles na rede de xeito gratuíto e que che van permitir deseñar diferentes instrumentos de avaliación.

As ferramentas que se van presentar neste apartado son de dous tipos. Unhas van dirixidas ao deseño de cuestionarios ou exames tipo test, concretamente as seguintes:

- [Easytestmaker](#).
- [ExamTime](#).

E outras vanche permitir deseñar as túas propias rúbricas ou empregar modelos de rúbricas deseñadas por outras persoas:

- [Rubistar](#).
- [Rubric Maker](#).

Actividade

En todo este curso estiveronse a presentar recursos que poden ser empregados para transmitir e avaliar contidos a través da rede. Esta vía de formación do alumnado parece ter cada vez unha relevancia maior e algunhas persoas falan de que en pouco tempo o alumnado trocará a súa mochila tradicional de libros por unha mochila dixital. Cal é a túa opinión sobre esta cuestión? <http://e-formacionparaadultos.blogspot.com.es/2013/11/cuanto-elearning-cabe-en-una-mochila.html>

5.5.1.- Easytestmaker.

Easytestmaker é un servizo que permite xerar exames con diferentes tipos de preguntas, como as de verdadeiro ou falso, de completar cunha palabra, de seleccionar a resposta correcta entre varias opcións, etc.

O servizo gratuíto é algo limitado permitindo só xerar un documento pdf para que o alumnado conteste o cuestionario en papel. Tamén permite imprimir outro documento co cuestionario correctamente contestado para empregar como rexistro persoal de corrección.

Para empregar este servizo deberás:

1. Acceder á ligazón do recurso: <http://www.easytestmaker.com>
2. Rexistrarte na páxina co nome de usuario, contrasinal e enderezo de correo electrónico.
3. Pulsar no botón de *crear novo test*.
4. Darlle un nome ao test. No caso de servizo premium poderás organizalos en cartafoles.
5. Escribe un limiar para o exame que se poderá repetir en todas as páxinas ou só na páxina inicial.
6. Comeza a introducir as preguntas dos diferentes tipos que admite o sistema: resposta curta, verdadeiro ou falso ou múltiples opcións.
7. Expórtao a formato pdf e xera, se queres, outro documento coas respostas correctas.
8. Para obter un arquivo que permita ser contestado en liña é necesario ter unha versión premium.

Actividade

En youtube pódense atopar varios videotutoriais para entender como utilizar Easy Test Maker, por exemplo <https://www.youtube.com/watch?v=dtXy6lvINkl>

5.5.2.- ExamTime.

ExamTime é un servizo que actualmente está en versión beta, pero que ten intención de manter un servizo gratuíto e outro premium de pago, con mellores posibilidades de utilización.

O seu funcionamento na actualidade permite crear diversas ferramentas para o traballo educativo, como Mapas Mentais, Fichas, Apuntes e tamén exames ou cuestionarios. Estes recursos, unha vez creados pódense compartir con outras persoas: alumnado ou compañeiros e compañeiras de traballo.

Os recursos creados pódense agrupar en materias predefinidas ou definidas polo propio usuario, e, dentro das materias, o material tamén pode ser agrupado en temas.

Do mesmo xeito que se agrupan os contidos, pódese agrupar ás persoas que son usuarias do servizo en grupos separados, por exemplo, ao alumnado de diferentes cursos.

Tamén se pode utilizar o servizo sen rexistro previo para buscar recursos existentes que ademais poden ser incrustados en páxinas web ou blogs.

Para crear un cuestionario sigue os pasos que se indican a continuación.

1. Accede a <https://www.examtime.com/>
2. Rexístrate no servizo mediante un correo electrónico e un contrasinal.
3. Pulsa sobre o botón *crear*.
4. Elix a opción *test*.
5. Selecciona o tipo de pregunta entre os tres que se ofrecen: Opción múltiple, selección múltiple, ou ,verdadeiro ou falso.

6.Introduce o número de preguntas que consideres oportuno seguindo o mesmo procedemento.

Actividade

Para ver o funcionamento do servizo existe unha canle en youtube na que se explica o funcionamento do servizo: <https://www.youtube.com/user/SomosExamtime>

5.5.3.- Rubistar.

Rubistar é un servizo de Internet patrocinado polo Ministerio de Educación de Estados Unidos que permite a creación de rúbricas de xeito gratuíto.

O servizo ofrece unha axuda na creación de rúbricas tanto en inglés como en castelán e ademais tamén permite a realización de procuras de rúbricas tanto polo título da rúbrica, polo nome da persoa que a realizou como polo enderezo de correo electrónico.

Esta ferramenta pode ser utilizada sen ningún rexistro, pero se estás rexistrado, permitirache gardar rúbricas, publicalas e editalas posteriormente.

Para a creación dunha rúbrica:

- 1.Accede á páxina de Rubistar <http://rubistar.4teachers.org/index.php>
- 2.Pulsa na pestana *Crear rúbrica*.
- 3.Selecciona o tipo de rúbrica que máis se axusta ao tipo de traballo que queres avaliar. (esta ferramenta ofrece rúbricas para 10 temáticas distintas: Proxectos orais, produtos, multimedia ou ciencias, cada un deles subdividido en varios tipos).
- 4.Unha vez seleccionado o tipo de rúbrica, ábrese unha nova pantalla na que poderás elixir as categorías que tes intención de avaliar.
- 5.Para cada unha das categorías indicadas, o servizo ofrece 4 niveis de realización por parte do alumnado, que poden ser modificados se o desexas.
- 6.Unha vez realizada a rúbrica, poderás imprimila.

Actividade

Entre as múltiples posibilidades de rúbricas que permite esta ferramenta, está a deseñada para avaliar a creación dun folleto. Establece 10 categorías para avaliar, como gráficos, fontes de información, corrección gramatical, organización da información, etc., e en cada unha delas indica 4 niveis de realización.

http://rubistar.4teachers.org/index.php?screen=CustomizeTemplate&bank_rubric_id=50§ion_id=13&

5.5.4.- Rubric Maker.

Este xerador de rúbricas insírese nun programa máis extenso de recursos para a educación, que pretende dar soporte ao desenvolvemento de proxectos educativos na aula.

Entre as diferentes ferramentas que permite utilizar este programa, están un xerador de organizadores gráficos como liñas de tempo ou organigramas, un arquivo de citas e referencias de todo tipo de documentos e o xerador de rúbricas de avaliación.

Pero o proxecto myt4l inclúe outros recursos como tutoriais e microtutoriais para o manexo de diferentes programas, fundamentación teórica para o proceso de ensino e as teorías da aprendizaxe, enlaces a páxinas relacionadas coas teorías da instrución e outras moitas axudas para o desenvolvemento do traballo de aula.

O procedemento de uso é moi sinxelo, en primeiro lugar podes acceder ao proxecto xeral seguindo os pasos que se detallan a continuación:

1. Accede á páxina principal do proxecto: <http://www.myt4l.com>
2. Vai á pestana de *Tools* (ferramentas).
3. Selecciona *Rubric Maker*.
4. En Rubric Maker poderás optar por:
 - a. Ver exemplos en formato pdf de diferentes tipos de rúbricas, tanto de primaria como de secundaria.

b.Crear a túa propia rúbrica.

A proposta que facemos neste curso e a de crear a túa propia rúbrica, e nese caso deberás:

- 1.Poñer un título á túa rúbrica.
- 2.Indicar o nivel no que vas traballar.
- 3.Pulsar en *New* (novo).
- 4.Unha vez na rúbrica, selecciona un dos 14 compoñentes que se presentan.
- 5.Ao seleccionar cada compoñente permite elixir diferentes categorías, cada unha das cales presenta 4 niveis de realización.
- 6.Unha vez terminada pulsa en gardar.

Esta ferramenta permite obter diferentes formatos, tanto en html como en excel ou texto.

Actividade

Aquí podes ver unha explicación do funcionamento do programa no que se insire a ferramenta Rubric Maker:

https://www.youtube.com/watch?v=fvJ6qZkXDc4&list=PLqlqXIQyGt_QAqHuwL19C1KeLZTIhm_IO